



MARZO 2022

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



XERENCIA CINBIO

- Instalación de extracción na sala do Raman.
- Comezan a activarse todas as portas cos novos lectores de acceso (Microscopia, Citometría, Histoloxía, Laboratorio común M2, Laboratorio de Bacterias, Almacén e Sala de residuos en M2). Podedes solicitar a activación das vosas tarxetas.



SEMANA SANTA: O centro permanecerá pechado no período de Semana Santa, do 11 ao 15 de abril (incluídos) aínda que se establecerán os servizos mínimos para atender actividades esenciais e polo tanto **habrá variacións no servizo de conserxería.**

HERMINIA DOMÍNGUEZ INGRESA NA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS

A nosa investigadora Herminia Domínguez do grupo de Biomasa e Desenvolvemento Sostible é a nova incorporación como numeraria da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC).

O acto de toma de posesión celebrouse o mércores 16 de marzo de 2022 no Pazo de San Roque de Santiago, un evento que tamén se puido seguir de maneira virtual. No mesmo, a investigadora pronunciou o discurso "Biorrefinerías, multifactorías verdes."

[Máis información e vídeo da toma de posesión aquí.](#)



ÁFRICA GONZÁLEZ RECIBE O PREMIO DE IGUALDADE ERNESTINA OTERO

A nosa investigadora África González recibiu o galardón honorífico, promovido polo Consello Municipal da Muller e a área da Igualdade do Concello de Vigo, pola súa traxectoria investigadora e o seu papel á hora de fomentar a igualdade de xénero na ciencia.

[Máis información aquí.](#)



SEMINARIO DE RUI MANUEL REIS

No seu relatorio, titulado Biomarkers in cancer: from prevention to therapy decision, o investigador Manuel Reis falou da importancia da prevención cunha diagnose temperá da enfermidade e afondou no seu traballo arredor dos biomarcadores.

[Máis info.](#)



MESA REDONDA NANOMATERIAIS

No ciclo "A Galicia que funciona" celebrouse unha mesa redonda arredor dos nanomateriais na que participaron Verónica Salgueiriño, Isabel Pastoriza, Alberto Tielas e Miguel Correa.

[Máis info e vídeo aquí.](#)



NOVO VÍDEO FILOXENÓMICA

Estreamos o vídeo do grupo de Filoxenómica. Unha presentación do seu traballo arredor da evolución molecular de xenomas, células, poboacións e especies a través de ferramentas de campos como a bioloxía, a estatística e a informática.

[Vídeo.](#)



FORMACIÓN ENVISION

Os días 14 e 21 de febreiro celebrouse unha formación online sobre o tipo de tecnoloxías compatibles co Lector de placas EnVision e a creación de protocolos propios co seu software de xestión.



COÑECE A MARGA VÁZQUEZ DO #TEAMCINBIO

No ciclo "Coñece ao #teamCINBIO" tivemos a Margarita Vázquez, investigadora do grupo TeamNanoTech: "Powerful catalysts mimicking natural enzymes".



CURSO CITOMETRÍA

Arredor de 14 persoas asistiron ao curso de "Introdución á citometría de Fluxo" impartido por Mercedes Peleteiro e que se celebrou os días 22, 23, 30 e 31 de marzo.

[Máis info.](#)



TALLER APÁLPATE

O 15 de marzo celebramos o taller Apálpate da man de ADICAM. As asistentes aprenderon a importancia dunha correcta exploración mamaria para poder detectar o cancro de maneira precoz. [Máis info.](#)



ENTREVISTA A MIGUEL A. CORREA

Atlántico Diario entrevistou a Miguel A. Correa sobre o presente e o futuro do CINBIO, proxectos destacados e obxectivos a medio-longo prazo. [Máis info.](#)



FEIRA "A CIENCIA QUE VÉN TEN NOME DE MULLER"

Os grupos Neurociencia, Neurocircuits e Filoxenómica participan na expo-feira situada no Berbés e organizada pola Unidade de Cultura Científica da UVigo. [Máis info.](#)




SENSORES PARA O ALZHEIMER

O grupo TNT traballa nun sistema que funcionaría coma un test de antixenos, unha alternativa aos métodos actuais de diagnose. [Máis info.](#)



CIENTIFIS

Lembramos ao persoal CINBIO que temos a súa disposición o software de xestión CIENTIFIS, onde poden acceder online e actualizar o seu CV, proxectos e info de grupo, actualizándose de forma automática en cinbio.es.



NOVAS, PUBLICACIÓNS, EMPREGO...

Mantente ao día de todo o que ocorre no centro (novas, últimas publicacións, ofertas de emprego abertas, eventos...). Todas as novidades están na nosa web: cinbio.es

PREVISIÓNS ABRIL 2022

XERENCIA ABRIL

- Elaboración plan estratéxico.
- Elaboración plan de doutoramento.

FORMACIÓN EN IGUALDADE

CURSO: [INCLUSIÓN DA ANÁLISE DE XÉNERO/SEXO NA INVESTIGACIÓN](#)

4 e 5 ABRIL - Presencial con **Capitolina Díaz Martínez**


Do 5 ABRIL ao 27 MAIO - Virtual con **Andrea Corrales Devesa**

Dirixido a mellorar as competencias do **PDI e alumnado de doutoramento** na inclusión da perspectiva de xénero tanto nos proxectos de investigación como nas teses e os artigos científicos que poidan derivarse das investigacións.

Preséntase o marco conceptual e legal que sostén a inclusión da perspectiva de xénero na investigación. Faise especial fincapé nas demandas de Horizonte Europa e na convocatoria estatal de proxectos de I+D+i. Así mesmo, indícase como introducir a perspectiva de xénero en cada unha das fases do proceso investigador.

Preséntanse os principais sesgos sexistas propios das investigacións convencionais e os seus efectos sobre a calidade das mesmas. Finalmente, revísase a relevancia de introducir o enfoque de xénero en varios campos da investigación e se expoñen exemplos concretos do que implica a análise de xénero neles.

PRESENCIAL + ONLINE [MÁIS INFO](#)



PO FEDER Galicia 2014-2020
"Unha maneira de facer Europa"

CINBIO
Curso presencial

**INCLUSIÓN DA ANÁLISE
DE XÉNERO/SEXO NA INVESTIGACIÓN
E A INNOVACIÓN**

Capitolina Díaz Martínez (presencial) e Andrea Corrales Devesa (virtual)
4 e 5 de abril de 2022, 11:00h, Sala de Seminarios CACTI - CINBIO


Nº PARTICIPANTES: 20

SEMINARIOS

**28 ABRIL, 10.30h - "Coñece ao #teamCINBIO":
Carmen Paula Gómez, Física Aplicada 2.**

Sala de Seminarios (CACTI-CINBIO) + Campus remoto

➡ **#teamCINBIO:** Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas, así como a proposta de seminarios. Non dubidades en contactar connosco na unidade de xestión.



FORMACIÓN

INSCRICIÓNS ABERTAS

CURSO AVANZADO DE CITOMETRÍA DE FLUXO

Datas: **20 e 21 de abril, 2022**
(de 9.30h a 18h).

Formato: Presencial
DOCENTE: Alfonso Blanco

[Máis info aquí.](#)





"INFORMACIÓN CIENTÍFICA: ACCESO XESTIÓN AVALIACIÓN E PUBLICACIÓN"

Datas: **15 abril a 30 maio, 2022**
(horario libre)


Formato: Virtual
Colaboración coa Biblioteca

[Máis info e inscricións aquí.](#)





cinbio.es



PO FEDER Galicia 2014-2020
"Unha maneira de facer Europa"